



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|-----------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2016/17 |
| Asignatura (*) | Análise Estatístico de Datos 2 | Código | 615518011 | |
| Titulación | Mestrado Universitario en Socioloxía Aplicada: Investigación Social e de Mercados | | | |
| Descriptorios | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 4.5 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Socioloxía e Ciencia Política da Administración | | | |
| Coordinación | Otero Enriquez, Raimundo | Correo electrónico | raimundo.otero@udc.es | |
| Profesorado | Otero Enriquez, Raimundo | Correo electrónico | raimundo.otero@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | O principal obxectivo desta materia é a adquisición dun coñecemento eminentemente aplicado de catro técnicas de análise multivariante. Partindo deste obxectivo, o desenvolvemento das clases estruturase en torno á realización de varios exercicios prácticos nos que se reflicten os contidos teóricos abordados, e se reproducen escenarios estatísticos propios da socioloxía. | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|--|
| Código | Competencias do título |
| A1 | Dominar nun nivel de postgrado os coñecementos, as ferramentas e os procedementos da investigación social e de mercados aplicándoos á solución de problemas e necesidades |
| A3 | Ser quen de deseñar un proceso de investigación de carácter empírico demostrando dominio no uso de técnicas de investigación cuantitativas e/ou cualitativas |
| A4 | Ser quen de discriminar a técnica de investigación axeitada ao problema plantexado |
| A8 | Ter capacidade para traballar críticamente con fontes de datos, metodoloxías e técnicas de investigación científica e ferramentas informáticas propias da investigación social e de mercados |
| A9 | Ter capacidade para integrar e aplicar as novas tendencias en investigación social e de mercados de xeito rentable e efectivo na empresa, as administracións ou outras organizacións |
| B1 | Posuer e comprender coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a cotío nun contexto de investigación |
| B6 | Ser quen de buscar, xestionar, analizar e sintetizar a información, seleccionando aquela que resulta pertinente para a toma de decisións |
| B7 | Ter capacidade creativa, proactiva e emprendedora |
| B8 | Ser quen de integrar as NTICs (Novas Tecnoloxías da Información e as Comunicaciós) na tarefa profesional e/ou investigadora |
| B9 | Ter capacidade de analizar críticamente tanto o traballo propio como o dos compañeiros |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma extranxeiro |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión e para o aprendizaxe ao longo da vida |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade |

| Resultados da aprendizaxe | | |
|---|------------------------|--|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | |
| O/a estudante recordará os fundamentos estatísticos principais das técnicas de análise multivariante presentadas. | AM1 | |
| | AM8 | |
| | AM9 | |



| | | | |
|---|-------------------|--------------------------|------------|
| O/a estudante interpretará unha análise de regresión simple e múltiple. | AM3 AM4 AM8 | BM1 BM6 BM7 BM8 | CM3 CM8 |
| O/a estudante interpretará unha análise de regresión loxística binaria. | AM3 AM4 AM8 | BM1 BM6 BM7 BM8 | CM3 CM8 |
| O/a estudante interpretará unha análise discriminante. | AM3 AM4 AM8 | BM1 BM6 BM7 BM8 | CM3 CM8 |
| O/a estudante interpretará unha análise de correspondencias simples e múltiples. | AM3 AM4 AM8 | BM1 BM6 BM7 BM8 | CM3 CM8 |
| O/a estudante defenderá, mediante unha presentación oral eficaz, os fundamentos estatísticos aplicados de calquera das técnicas de análise multivariante presentadas. | AM3 AM8 | BM7 BM9 | CM1 CM2 |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| 1-ANÁLISE DE REGRESIÓN MÚLTIPLE | <ul style="list-style-type: none"> -Procedemento, deseño e interpretación -Análise do resumo do modelo e da suma de cadrados -Coeficientes da ecuación de regresión múltiple -Supostos da análise -Detección de casos atípicos e de observacións influentes -Análise da multicolinealidade -Métodos de inclusión de variables en SPSS |
| 2-ANÁLISE DE REGRESIÓN LOXÍSTICA (BINARIA) | <ul style="list-style-type: none"> -Selección e transformación de variables -Probas de axuste global do modelo -Táboa de clasificación -Comentario do histograma das probabilidades prognosticadas -Comentario de casos atípicos |
| 3-ANÁLISE DISCRIMINANTE | <ul style="list-style-type: none"> -Proba de igualdade das medias dos grupos -Pesos, cargas e puntuacións discriminantes -Funcións discriminantes -Matriz de clasificación e diagnose por caso |
| 4-ANÁLISE DE CORRESPONDENCIAS SIMPLES E MÚLTIPLES | <ul style="list-style-type: none"> -Procedemento, deseño e interpretación -Análise das frecuencias marxinais -Análise dos autovalores e das medidas discriminantes -Comentario das dimensións |

| Planificación | | | | |
|---------------------------|-------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A1 A3 A9 B1 C8 | 16 | 18 | 34 |
| Prácticas a través de TIC | A4 A8 B6 B7 B8 C3 | 25 | 50 | 75 |
| Presentación oral | B9 C1 C2 | 1.5 | 0 | 1.5 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Sesións destinadas a abordar os aspectos teóricos do temario proposto. |
| Prácticas a través de TIC | É moi importante, para o bo desenvolvemento das prácticas, que o alumnado se familiarice co uso do programa estatístico SPSS, e que teña preparado e estudado o material bibliográfico e de ensino proposto polo profesor. |
| Presentación oral | Cada alumno/a terá que presentar algunha das prácticas propostas ante os demais. |

| Atención personalizada | |
|---------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Prácticas a través de TIC | A atención personalizada ten como obxectivo atender as dúbidas individuais e colectivas do alumnado. No inicio do cuadrimestre, comunícase o lugar e horario das titorías presenciais (en todo caso, rógase acudir ás mesmas previo aviso por e-mail). |
| Presentación oral | |

| Avaliación | | | |
|---------------------------|-------------------|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
| Prácticas a través de TIC | A4 A8 B6 B7 B8 C3 | AVALIACIÓN CONTINUA: Establécese a través da cualificación conxunta de tres exercicios prácticos que supoñen o 90% do valor da nota final. Dúas destas prácticas, realizadas en grupo, terán un valor unitario máximo de 4,25 puntos. A terceira práctica, realizada individualmente e de carácter voluntario, terá un valor unitario máximo de 0,5 puntos (dito exercicio ten como finalidade mellorar a cualificación final, ou optar a unha matrícula de honra). Para optar á avaliación continua, hai que entregar as dúas prácticas grupais ao longo do cuadrimestre, as cales terán unha única data de entrega presencial. | 90 |
| Presentación oral | B9 C1 C2 | A realización das presentacións orais dalgunha das prácticas grupais, suporá o 10% do valor da cualificación final. | 10 |

| Observacións avaliación |
|---|
| <p>AVALIACIÓN NON CONTINUA:</p> <p>Consiste na realización dun exame único da materia -fixado nas convocatorias oficiais pertinentes- composto por tres preguntas de carácter teórico e dous exercicios prácticos onde o alumno/a, e a través da utilización do programa estatístico SPSS, amose os seus coñecementos aplicados de, polo menos, dúas técnicas de análise multivariante. Dito exame supón o 100% do valor da cualificación final.</p> <p>O alumnado que se acolla ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica de exención de asistencia, terá que presentarse ao exame único da materia -fixado nas convocatorias oficiais pertinentes-.</p> |

| Fontes de información |
|-----------------------|
|-----------------------|



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <p>Combessie, J.C. (2000): El método en sociología. Madrid. Alianza Editorial. Escobar, M. (1999): Análisis gráfico/exploratorio. Cuadernos de estadística. Madrid. Editorial La Muralla. Etxebarria, J. (1999): Regresión múltiple. Cuadernos de estadística. Editorial La Muralla. García Ferrando, M. (1994): Socioestadística. Introducción a la estadística en sociología. Madrid. Alianza Universidad Textos. García, E; Gil, J. y Rodríguez, G. (2000): Análisis factorial. Cuadernos de estadística. Madrid. Editorial La Muralla. Hair, J, F. et al. (2007): Análisis multivariante, 5ª ed. Madrid. Prentice Hall. Joaristi, L. y Lizasoain, L. (2000): Análisis de correspondencias. Cuadernos de estadística. Madrid. Editorial La Muralla. Pardo, A. y Ruiz, M.A. (2002): SPSS 11. Guía para el análisis de datos. Madrid. McGraw-Hill. Pérez, César (2009): Técnicas estadísticas multivariantes con SPSS. Madrid. Garceta. (2009): Técnicas de análisis de datos con SPSS 15. Madrid. Pearson Educación. Valderrey, Pablo (2010): SPSS 17: extracción del conocimiento a partir del análisis de datos. Madrid. Ra-Ma. (2010): Técnicas de segmentación de mercados. Madrid. Starbook. *Todas as referencias pódense localizar na Biblioteca da UDC.</p> |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías